

**Dimo e esquecerino, ensínamo e
lembrareino, involúcrame e
aprenderino**

(Benjamín Franklin)

PROXECTO EDUCATIVO



CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO

ÍNDICE

1.INTRODUCCIÓN	3
2.CONTEXTUALIZACIÓN	5
2.1 Identificación	5
2.2 Constitución xeral.....	6
Niveis de ensino.....	6
Carácter	6
Situación.....	6
Poboación e economía.....	7
Oferta educativa do concello	8
Instalacións	8
Medios persoais (catálogo de profesorado e persoal de administración e servizos).....	10
Servizos	10
Transporte	10
Comedor	11
Programa madrugadores e gardería	11
3. SINAIS DE IDENTIDADE.....	11
3.1 Fins educativos do centro.....	11
3.2 Lingua de aprendizaxe.....	13
3.3 Metodoloxía	14
4. OBXECTIVOS.....	16
4.1 Ámbito pedagóxico.....	16
4.2 Ámbito humano – relacións interpersoais e convivencia	17
4.3 Ámbito organizativo e de xestión	18
5. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO CENTRO.....	19
5.1 Órganos de goberno.....	19
Órganos unipersoais	19
Equipo directivo.....	19

Órganos colexiados.....	19
Consello escolar	19
Claustro de profesorado	20
Órganos de coordinación docente.....	20
Comisión de coordinación pedagóxica	20
Equipos de ciclo	20
Departamento de orientación	20
Equipo de dinamización da lingua	21
Equipo de biblioteca.....	21
Equipo de actividades complementarias e extraescolares.....	21
Equipo de dinamización das tecnoloxías da información e comunicación.....	22
Órganos de representación	22
Asociación de pais e nais	22
5.2 Outros aspectos organizativos.....	22
Calendario e horario	22
Entradas, saídas, recreos.....	23
Titoría e orientación.....	24
Ensinanza de relixión	24
Medidas de atención ao alumnado que non opta polo ensino de relixión	24
6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	26
7. AVALIACIÓN	28
8. COORDINACIÓN ENTRE ETAPAS	29
9. CONCRECIÓN CURRICULAR	30
10. PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.....	31
11. DOCUMENTOS, PLANS E PROXECTOS DO CENTRO (ANEXOS).....	32
12. AVALIACIÓN DO PE.....	32

1. INTRODUCCIÓN

Segundo establece a Lei Orgánica 3/2020 Lomloe en referencia ao Proxecto Educativo, no seu artigo 20:

- *O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os fins e as prioridades de actuación, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa, que corresponde fixar e aprobar ao Claustro, e impulsará e desenvolverá os principios, obxetivos e metodoloxía propios dun aprendizaxe competencial orientado ao exercicio dunha cidadanía activa. Asimesmo incluírá un tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.*
- *O proxecto educativo do centro recollerá asimesmo a estratexia dixital do centro, dacordo co establecido no artigo 111 bis.*
- *Dito proxecto estará enmarcado nunhas liñas estratéxicas e terá en conta as características do entorno social, económico, natural e cultural do alumnado do centro, así como as relacións con axentes educativos, sociais, económicos e culturais do entorno.*
- *O proxecto recollerá, polo menos, a forma de atención á diversidade do alumnado, medidas relativas á acción titorial, os plans de convivencia e de lectura e deberá respetar os principios de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxetivos recollidos nesta Lei e na lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación, especificando medidas académicas que se adoptarán para favorecer e formar na igualdade particularmente de mulleres e homes.*
- *Os centros adoptarán as medidas necesarias para compensar as carencias que puideran existir na competencia en comunicación lingüística, en lingua castelá e no seu caso nas linguas cooficiales, tomando como referencia a análise realizada previamente e incluíndo dito análise e tales medidas no seu proxecto educativo.*

- *O proxecto educativo incorporará un plan de mellora, que se revisará periodicamente, no que, a partir da análise dos diferentes procesos de avaliación do alumnado e do propio centro, se planteen as estratexias e actuacións necesarias para mellorar os resultados educativos e os procedementos de coordinación e de relación coas familias e o entorno.*

O Proxecto Educativo do CEIP Plurilingüe de Sigüeiro define as liñas directrices do Centro, recollendo, entre outros, os obxectivos, valores e prioridades de actuación, tendo en conta a diversidade e necesidades do alumnado así como o contexto no que se atopa o centro. O noso Proxecto Educativo concreta a identidade do centro e serve como base para a elaboración das programacións así como dos distintos plans e proxectos.

Non se trata dun documento definitivo; máis ben dun punto de partida que sirva de referente no camiño a percorrer. Por esta razón é un documento aberto e susceptible de revisión e mellora constantes, e modificarase de acordo coa realidade do centro para convertelo, deste xeito, nun instrumento eficaz que nos axude a unificar criterios.

A normativa a ter en conta á hora da elaboración do Proxecto Educativo, a parte da básica como pode ser a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a Declaración dos Dereitos do Neno/a, a Constitución Española ou o Estatuto de Autonomía de Galicia é a seguinte:

- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. (LOMCE).
- Real Decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil
- Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade

Autónoma de Galicia

- Decreto 374/1996, do 17 de Outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 22 de Xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da consellería de educación e Ordenación Universitaria.
- Decreto 79/2010, do 20 de Maio, para o plurilingüismo no ensino non Universitario de Galicia.
- Lei 4/2011, do 30 de Xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade en materia de convivencia escolar.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

2.1 IDENTIFICACIÓN

Nome: Colexio de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe de Sigüeiro

Enderezo: Avda. da Grabanxa, nº 43, 15888 Sigüeiro - Oroso (A Coruña)

Teléfonos: 881866202 Fax: 881866206

Enderezo electrónico: ceip.sigüeiro@edu.xunta.gal

Código Centro:150115567 C.I.F.: Q6555064B

Páxina web: www.edu.xunta.es/centros/ceipsigüeiro/

2.2 CONSTITUCIÓN XERAL

Niveis de Ensino, alumnado

Educación Infantil (4º a 6º) e Educación Primaria (1º a 6º). Actualmente é un centro de dúas liñas con tres grupos nalgún dos niveis. A matrícula supera os 360 alumnos/as. A práctica totalidade do alumnado matricúlase en 4º de Infantil pero un número escaso de nenos e nenas procedentes do CRA de Oroso incorpóranse ao noso centro en 3º de Primaria.

Centro Plurilingüe: materia de plástica en Primaria en lingua inglesa.

Centro E-Dixgal: emprego do libro dixital e dotación de ordenador portátil en 5º e 6º de Primaria.

Carácter

Mixto e gratuíto, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Situación


O Colexio de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe de Sigüeiro está situado no Concello de Oroso, que se estende sobre unha superficie de 72 Km², ofrecendo unha paisaxe rural sen apenas contrastes xeográficos.

O término municipal está atravesado pola Autopista do Atlántico (AP-9) e pola carretera nacional N-550 e situado na marxe dereita do Río Tambre que marca o seu límite meridional co concello de Santiago.

Divídese en once parroquias: Marzoa, Calvente, Pasarelos, Os Anxeles, Senra, Cardama, Vilarromaríz, Gándara, Oroso, Deixebre e Trasmonte, ademais de parteda parroquia da Barciela, onde está Sigüeiro.



A poboación tende a concentrarse en torno á estrada 550, de A Coruña a Santiago, especialmente en Sigüeiro, capital municipal e maior núcleo de poboación e actividade económica.



Poboación e Economía

Oroso conta cunha poboación duns 7.500 habitantes. Os prezos prohibitivos da vivenda en Santiago converteron a Sigüeiro nunha cidade-dormitorio onde a maior parte de la poboación procede de outras localidades. A actividade económica e o crecemento demográfico concéntranse en Sigüeiro, onde foron construídos novos bloques de vivendas que lle dan un aspecto urbano á capital do concello. Situada a 3 Km atópase a Urbanización de Porto Avieira, onde se ubican unhas 400 vivendas e uns 235 habitantes. De aí veñen cada mañá dúas das nosas rutas de transporte.

A súa proximidade a Santiago de Compostela e ao aeroporto son a causa da recuperación demográfica da localidade. Conta ademais con entrada e saída para a autopista A9. A oferta de emprego de Santiago de Compostela, modificou a distribución sectorial da poboación activa, pois, supuxo un trasvase de man de obra do sector agropecuario aos restantes sectores económicos.

Sigüeiro conta ademais cun polígono industrial con destacadas empresas onde traballa un número considerable de poboación.

A práctica totalidade das nais e pais traballan, sendo a actividade predominante o sector servizos, seguido do sector industrial. Unha parte das familias complementa a súa actividade laboral coas tarefas agrícola-gandeiras.

O auxe dos camiños a Santiago e concretamente o Camiño Inglés, que pasa polo Concello de Oroso, está dando lugar a un importante desenvolvemento hostaleiro sobre todo na vila de Sigüeiro.

Oferta educativa do concello

A rede escolar do concello componse ademais do CEIP Plurilingüe de Sigüeiro, doutro Centro de Educación Infantil e Primaria, o CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés; dun Centro Rural Agrupado, CRA de Oroso e dun Instituto de Ensino Secundario, o IES de Oroso, ao que está adscrito o noso centro.

O CRA de Oroso componse de 4 escolas unitarias nas parroquias de Senra, Vilacide, Trasmonte e Deixebre. Alí contan con Educación Infantil e Educación Primaria ata o nivel de 2º. Das unitarias o alumnado pasa ao CEIP Plurilingüe de Sigüeiro onde continúan a escolaridade ata 6º de Primaria.

Instalacións

A situación das instalacións do centro, é bastante variada. Contamos con dous edificios unidos por un paso cuberto. O edificio inicial construíuse no ano 1980 e tivo unha ampliación no ano 1993; o edificio máis recente é do ano 2003. Neste último ubícanse as aulas de Infantil e algún nivel de Primaria, de ser necesario, coa correspondente aula de inglés, PT e AL; ademais neste edificio está a aula de música e plástica. Neste edificio hai un soto tan grande como o edificio, no que están as columnas de sustentación do mesmo, que consideramos que se trata dun espazo que podería ser de moita utilidade para o centro, para zona de xogos ao cuberto, almacén ou mesmo salón de actos. Está co chan de terra e ten a pendente propia do terreo no que está, con bastante desnivel, polo que requiriría de obra. Estivoo vendo a técnica da Secretaría Xeral Técnica da Xefatura Territorial de Educación para valorar o que se podía facer nese espazo.

No edificio máis antigo están na primeira planta as aulas de Primaria, Inglés, PT e AL e na planta baixa o comedor, a biblioteca, a aula STEAM, os despachos de dirección, secretaría, administración e orientación e un local destinado actualmente á ANPA. Xusto a carón dunha das portas de saída ao

patio, concretamente do patio do terceiro ciclo, foi cerrada unha parte, hai xa moitos anos, para facer un salón de actos, que está moi ben pero no que non nos colle todo o alumnado á vez. Ten unha capacidade para uns 100 nenos/as sentados en sillas e algúns máis se se sentan no chan. Tamén hai un soto onde se ubica un espazo para o material de E. Física, un almacén e a sala de calefacción.

Contamos ademais cun pavillón compartido co concello, patios cubertos, pista de futbito e de baloncesto e patios descubertos con moita zona verde.

Dispoñemos de espazos suficientes o que nos permite contar con aulas específicas de inglés, de música, de relixión, de plástica...



Medios persoais (Catálogo de profesorado e persoal de administración e servizos)

Educación infantil	8	Audición e linguaxe	1
Educación primaria	11	Pedagoxía terapéutica	1
Lingua francesa	1	Orientación	1
Lingua inglesa	2	Coidador/a	1
Educación física	2	Administrativo/a	1
Educación musical	1	Cociñeiro/a e axudantes de cociña	4
Relixión	1	Conserxe	1
Persoal de limpeza			4

As variacións de persoal que se producen en función das necesidades de cada curso refléxanse na PXA .

Servizos**Transporte**

O CEIP de Sigüeiro está situado nun extremo do Concello de Oroso o que supón que algúns nenos/as teñan que facer longos percorridos en autobús para ir e vir ao colexio. A empresa encargada do transporte do noso alumnado é Autos Grabanxa.

Actualmente uns 156 alumnos/as utilizan o transporte escolar que fai 6 rutas diariamente. Todas as rutas contan cunha persoa acompañante para o alumnado. Os nenos/as transportados voltan á casa despois de xantar. Nas Normas de Organización e Funcionamento do Cento recóllense as normas de seguridade e convivencia no transporte que son revisadas e plasmadas cada curso na PXA.

Comedor

O colexio conta con comedor escolar de xestión directa, con cociña propia. Ten un total de 295 prazas autorizadas nas que se inclúe o persoal de obrigado servizo (persoal de cociña, persoal colaborador, director/a, encargado/a). O persoal está composto por 4 persoas na cociña, un oficial e tres axudantes e doce persoas colaboradoras de entre as familias. Fai uso do mesmo practicamente a totalidade do alumnado transportado así como a maioría dos nenos/as residentes en Sigüeiro, que non son transportados. Normalmente pode acceder todo o alumnado que o solicita.

O servizo de comedor funciona a partir das 14:45 e ata as 15:45 horas. Os mércores prolóngase ata as 16:30. O alumnado está vixiado e asistido polo persoal colaborador formado por 12 persoas voluntarias de entre as familias. No NOFC establécense as normas de organización e funcionamento para a mellora da convivencia no mesmo que son revisadas e actualizadas na PXA segundo as necesidades de cada curso.

Programa Madrugadores e Gardería

O Centro dispón do servizo de madrugadores promovido polo concello e pagado polas familias. Un número importante de familias recorre a este servizo que permite ao alumnado acceder ao colexio antes do inicio da xornada escolar e mesmo almorzar no centro. Así mesmo hai servizo de gardería preto do centro, para antes e despois do horario escolar. Os nenos e nenas que o utilizan son acompañados ao colexio para o comezo da xornada ou recollidos ao remate podendo xantar e permanecer alí ata que son recollidos polas súas familias. Este servizo é de pago.

3. SINAIS DE IDENTIDADE

3.1 FINS EDUCATIVOS DO CENTRO

O CEIP Plurilingüe de Sigüeiro defínese ideoloxicamente pluralista e democrático, respectuoso con todas as crenzas e transmisor dos valores de liberdade, solidariedade, tolerancia e respecto tentando favorecer sempre a

maior obxectividade posible nos nenos e nenas co fin de que poidan elaborar os seus propios criterios para actuar cunha liberdade responsable.

Ten como premisas a atención á diversidade, a coeducación, a igualdade e a inclusión. Promove a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.

Pretende fomentar unha educación fundamentada en valores, actitudes e coñecementos dende unha perspectiva de formación integral promovendo as competencias e capacidades que lles serán necesarias aos nenos e nenas para responder aos diferentes problemas que se lles plantexen ao longo da vida. Boa proba disto é que é centro Plurilingüe e centro Edixgal dende o curso 2018 – 2019.

Sinalamos os seguintes principios do centro:

- Respecto: dende a dimensión emocional e a empatía, respecto a si mesmo e aos demais; tamén á contorna.
- Responsabilidade: dende o exemplo fomentando o cumprimento das normas, compromisos e deberes; facendo nenos e nenas cada vez máis autónomos.
- Esfuerzo: fomento da constancia, da perseveranza, da ilusión para acadar os logros con éxito; superación e corrección de erros para mellorar e alcanzar metas.
- Inclusión: dende o respecto polos demais tal e como son, sen discriminacións de ningún tipo, vendo a diversidade como un aspecto enriquecedor e positivo para toda a comunidade educativa.
- Igualdade: non discriminación por razón de nacemento, etnia, sexo, economía, nivel social, conviccións políticas ou morais así como por discapacidade físicas, sensoriais e psíquicas. Igualdade tamén no cumprimento dos dereitos e deberes.
- Coeducación: fomento da convivencia sen prexuízos coa identidade sexual de cadaquén; eliminación das discriminacións contra a muller e a superación de mitos, tabús e diferenciación de roles entre o home e a muller.
- Liberdade: liberdade ideolóxica e relixiosa, liberdade para expresar pensamentos, ideas ou opinións.

- Pluralidade: garantindo a liberdade de conciencia e de pensamento, o dereito a unha información veraz e o respecto polas diferentes opinións.
- Convivencia: promovendo a formación para a paz e a xustiza así como o rexeitamento da violencia en todos os ámbitos da vida e a resolución pacífica dialogada dos conflitos.
- Solidariedade: favorecendo o traballo en equipo, compartindo, colaborando, axudando, cedendo, respectando e convivindo cos demais.
- Tolerancia: fomentando o respecto e comprensión cara as ideas, gustos, preferencias e accións alleas

3.2 LINGUA DE APRENDIZAXE

A nivel lingüístico podemos dicir que a lingua máis empregada polo alumnado é a castelá. Algo menos da metade dos nenos e nenas (40% segundo a enquisa levada a cabo no curso 2022-2023) teñen o galego como lingua materna, pero non todos eses a empregan no colexio. Os alumnos e alumnas galego falantes que se escolarizan no centro, adoitan abandonar o emprego desta lingua en breve espazo de tempo, substituíndoa pola lingua castelá, posto que esta é a lingua vehicular utilizada maioritariamente entre o alumnado. Temos pois un traballo de normalización do galego na procura de situalo ao mesmo nivel do castelán.

Na etapa de Educación Infantil, o profesorado emprega, a lingua predominante entre o alumnado, eso si, tendo en conta a lingua da contorna e procurando que o alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa da que se trata. A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro a partir da pregunta que se lle fai aos pais/nais/titores antes do comezo do curso escolar sobre a lingua do seu fillo/a. Así mesmo atenderase de maneira individualizada ao alumnado tendo en conta a súa lingua materna. O obxectivo é que ao finalizar a Primaria se poidan utilizar ambas linguas oralmente e por escrito.

A presenza da lingua galega no centro é plena na documentación administrativa, nas comunicacións informativas ás familias, na documentación interna, nos taboleiros, na decoración de conmemoracións...

As persoas, grupos ou institucións alleas á vida escolar que participan en

actividades (obradoiros, actuacións, charlas...) acostuman empregar o galego.

A lingua galega está presente na biblioteca, que promove activamente o gusto pola lectura e literatura galega e dota de fondos en galego.

A lingua galega tamén está presente nas TIC: páxina web, blogs e abalar.

Procuramos que as interaccións co alumnado e familias, formais ou informais, sexan en galego para consolidar o seu uso.

Como centro plurilingüe foméntase o uso e capacitación do alumnado nas tres linguas que se empregan nas distintas materias: galego, castelán e inglés. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua inglesa no que se priorizará a comprensión, a expresión e a interacción oral. A materia de plástica tamén se imparte en inglés co apoio das linguas oficiais.

Metodoloxía

No CEIP Plurilingüe de Sigüeiro promovemos unha metodoloxía activa, comunicativa, participativa, autónoma, competencial e inclusiva; dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave e que contribúa a unha formación global de todo o alumnado.

Principios metodolóxicos:

- Formación integral de persoas, traballando aspectos como a igualdade de xénero, o acoso, a paz, a pluralidade, a tolerancia, a resolución pacífica de conflitos, a erradicación de prexuizados e o respecto á identidade de cada persoa.
- Atención á diversidade como eixe da intervención educativa proporcionando axuda pedagóxica individualizada, tendo en conta as diferentes necesidades e peculiaridades do alumnado, así como os diferentes ritmos, coñecementos previos, intereses...
- Potenciación da capacidade de aprender por si mesmo, fomentando a axuda mutua e o traballo colaborativo e en equipo, e favorecendo a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.
- Favorecemento dun clima emocional de confianza e seguridade na aula que facilite que, progresivamente, o alumnado acepte a incerteza como unha oportunidade para articular respostas máis creativas e reforce as súas emocións positivas, aprendendo a manexar a ansiedade e a

controlar as condutas asociadas ás emocións negativas, evolucionando dende unha posible falta de confianza inicial ata a satisfacción que supón ter a oportunidade de presentar en público as propias ideas e opinións.

- Integración na vida cotiá do alumnado, do coñecemento de principios, valores e estratexias de regulación emocional; contribuíndo así á súa incorporación á vida adulta de maneira satisfactoria, desenvolvendo a capacidade de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos, exercer a cidadanía activa e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.
- Deseño e realización de proxectos significativos para o alumnado e resolución colaborativa de problemas en contextos da vida real, que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo e reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Aquí incluimos traballos promovidos polo Equipo de Biblioteca e polo Equipo de Dinamización da Lingua, polos Ciclos, Niveis ou polas propias Titorías, así como a participación en Programas da Consellería e outros (Club de Ciencia, Contratos Programa, Voz Natura, Plan Director, Proxecta...)
- Estimulación, a través da comunicación oral, o diálogo e a interacción entre o alumnado, da competencia para participar activamente nun equipo, traballando a análise e a reorganización das propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e das propias limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas e a solidariedade, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- Fomento do traballo por proxectos promovendo a creatividade, o emprendemento e o esforzo.
- Consideración especial das aprendizaxes que teñan carácter instrumental para a adquisición doutras competencias clave; a lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave, é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes,

en calquera soporte e formato. Coa finalidade de fomentar o hábito lector e o dominio da lectura, así como o da comunicación, dedicaranse polo menos 30 minutos diarios á lectura e práctica da oratoria.

- Contribución ao desenvolvemento da competencia comunicativa, como centro plurilingüe que somos impartimos de xeito integrado o currículo das tres linguas; galego, castelán e inglés favorecendo a adquisición de todos os coñecementos e experiencias lingüísticas do alumnado.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, como centro dixital que somos, como ferramentas de traballo cotiá para a documentación e comunicación nas actividades que se leven a cabo de maneira que permitan a todo o alumnado investigar, almacenar, organizar, transferir ou presentar un traballo.

4. OBXECTIVOS XERAIS

4.1 ÁMBITO PEDAGÓXICO

1. Desenvolver unha concreción curricular que se adapte ao contexto do centro, axustándoo a aqueles alumnos/as que polas súas necesidades educativas así o demandan.
2. Potenciar as posibilidades dos alumnos/as para regular a súa propia aprendizaxe, desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e espírito emprendedor, confiando nas súas aptitudes e coñecementos.
3. Adquirir e desenvolver hábitos e técnicas de traballo, esforzo, responsabilidade e disciplina para acadar un adecuado ambiente académico, así como desenvolver hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
4. Dotar de contido educativo as actividades extraescolares e complementarias.
5. Potenciar o desenvolvemento das posibilidades do alumnado que presentan NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo), dando así resposta educativa ás mesmas.
6. Empregar unha metodoloxía didáctica que elimine toda clase de

estereotipos que aínda poidan presentarse .

7. Capacitar para a comunicación nas dúas linguas oficiais da nosa comunidade, avanzando cara a normalización da lingua galega en todos os eidos da vida do centro e por parte de todos os sectores da comunidade educativa. Promover, así mesmo a capacitación, como mínimo, nunha lingua estranxeira.
8. Potenciar a adquisición de habilidades no uso das TICs, valorando as aportacións que estas tecnoloxías fan a sociedade actual.
9. Educar e espertar no alumnado unha conciencia de respecto cara o entorno (sostible), cara o propio corpo (saudable) e cara os demais (solidaria).

4.2 ÁMBITO HUMANO - RELACIÓNS INTERPERSOAIS E CONVIVENCIA

1. Promover unha educación integral do alumnado que favoreza o desenvolvemento das súas capacidades para formar individuos libres e autónomos.
2. Promover unha educación baseada na tolerancia, solidariedade e liberdade, potenciando unha aptitude aberta, respectuosa e tolerante no ámbito escolar.
3. Fomentar unha educación non sexista, intentando a igualdade efectiva entre homes e mulleres, e respectar a diversidade ideolóxica, relixiosa e multicultural.
4. Recoñecer a mestura de culturas como un elemento enriquecedor da sociedade, facilitando ás familias procedentes doutros países os medios dispoñibles para a súa integración.
5. Educar na responsabilidade individual e no valor do esforzo persoal.
6. Promover hábitos de hixiene, saúde e consumo responsable.
7. Educar no respecto polo medio ambiente, potenciando unha conciencia ecolóxica.
8. Preparar ao alumnado para participar activa e criticamente na vida social

e cultural.

9. Fomentar o diálogo, a participación e a colaboración de todos/as os integrantes da comunidade educativa na vida do centro, facilitándolles todas as canles posibles de participación.
10. Promover unha escola sensible, pluralista, superadora e intelixente.
11. Desenvolver programas de educación emocional e social, co obxectivo de fomentar o control emocional, a autoconciencia, a empatía ...
12. Promover que o resultado de cada proxecto poida ser compartido e valorado coa comunidade educativa e con outros centros.

4.3 ÁMBITO ORGANIZATIVO E DE XESTIÓN

1. Conseguir que todas as actuacións que se leven a cabo no centro se fagan con total transparencia, xa sexa a nivel de docencia, organización ou xestión.
2. Establecer claros protocolos de actuación que faciliten a boa xestión do centro.
3. Realizar unha selección e utilización do material didáctico axeitado aos principios da coeducación.
4. Organizar adecuadamente os espazos do centro, procurando mellorar as súas instalacións e a súa dotación de material e de equipamento, optimizando os recursos dispoñibles.
5. Xestionar e dotar a biblioteca do centro combinando o uso responsable dos recursos co fomento do hábito lector.
6. Potenciar o traballo en equipo do profesorado mediante unha coordinación efectiva e consensuada.
7. Favorecer a formación permanente do profesorado.
8. Manter relacións de colaboración coas diferentes administración e institucións, tanto educativas como sociais, culturais ou laborais en

todas as iniciativas e propostas sen ánimo de lucro que contribúan a mellorar a calidade do ensino.

9. Promover a avaliación formativa interna periódica da acción educativa do centro.
10. Procurar unha institución escolar cada vez máis unida, cun sentido de traballo en equipo e de responsabilidades compartidas.
11. Abrir o centro á contorna, colaborando coas institucións, asociacións ou entidades que se mostren dispostas a emprender proxectos compartidos.
12. Desenvolver un proxecto de comedor escolar no que se contemple unha efectiva educación para a saúde, a convivencia e o benestar, baseada na promoción de hábitos alimentarios e hixiénicos, na garantía dunha dieta equilibrada e no fomento do compañeirismo, o respecto e a responsabilidade dentro dun entorno físico e social saudable.

5. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO CENTRO

Neste apartado recóllense dunha maneira xeral os distintos órganos e comisións de funcionamento do centro así como outros aspectos organizativos. Nas Normas de organización e funcionamento e na PXA descríbense en maior profundidade.

5.1 ÓRGANOS DE GOBERNO

Órganos unipersoais

Equipo directivo

O equipo directivo, como órgano executivo de goberno do centro, está integrado pola Directora, o Xefe de Estudos e a Secretaria e, traballa de forma coordinada no desempeño das súas función legalmente establecidas.

Órganos colexiados

Consello Escolar

É o órgano de participación no control e xestión do Centro dos distintos sectores

que constitúen a comunidade educativa. Está composto pola Directora que será a Presidenta, o Xefe de Estudos, cinco Profesores/as elixidos polo Claustro, cinco representantes de Pais/Nais de alumno/as (un deles designado pola ANPA), un representante do persoal de Administración e Servizos, un representante do Concello de Oroso e a Secretaria do centro que actuará como secretaria do Consello, con voz e sen voto.

Claustro de Profesorado

O Claustro de profesores/as é o órgano de participación do profesorado e ten a responsabilidade de planificar, coordinar e decidir sobre os aspectos pedagóxicos do centro. Está integrado pola totalidade do profesorado do centro e presidido pola directora.

Órganos de coordinación docente

Comisión de Coordinación Pedagóxica

A CCP é unha estrutura de coordinación coa función de asegurar a coherencia entre todos os proxectos e plans de centro, dende o Proxecto Educativo ata as Programacións Didácticas ou, se é o caso, o Plan de Acción Titorial, evitando o seu desenvolvemento parcelado e inconexo, e dotando ás accións docentes de directrices de actuación que deben ser trasladadas aos claustros para a súa aprobación.

Está composta polos seguintes membros: a Directora, que a preside, o Xefe de Estudos, o Coordinador/a de cada un dos ciclos (Infantil, 1º, 2º e 3º de Primaria), os membros do departamento de orientación, o Coordinador/a do equipo de Dinamización da Lingua e o/a Coordinadora de Biblioteca, con voz pero sen voto.

Equipos de ciclo

O equipo de ciclo de Educación Infantil e de Educación Primaria (1º, 2º e 3º), que agrupará á maioría do profesorado que imparta docencia nel, é o órgano básico encargado de organizar e desenvolver, baixo a supervisión da xefatura de estudos, as ensinanzas propias do ciclo.

Departamento de orientación

O Departamento de Orientación está formado pola orientadora, que é a xefa do departamento, os profesores/as de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe, que exercen a función de apoio á atención do alumnado con

necesidades educativas especiais (NEAE) e os coordinadores/as de ciclo. O Departamento de Orientación desenvolverá as súas funcións naqueles ámbitos relacionados coa orientación psicopedagóxica, académica e profesional, e terá as competencias establecidas no artigo 6º do decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Equipo de dinamización da lingua galega

O equipo de Dinamización da Lingua Galega constitúese para potenciar o uso da lingua galega e será o encargado de fomentar as actividades que no eido da normalización lingüística se consideren máis idóneas (Artigos 63-68 do Decreto 374/1996). Este equipo estará formado por un profesor/a de cada ciclo, nomeado pola directora por proposta da comisión de coordinación pedagóxica, podendo incorporarse ao traballo do equipo, para temas puntuais, outros membros da comunidade escolar. A coordinación do equipo será desempeñada por un profesor/a do mesmo.

Equipo de Biblioteca

Está constituído polo profesorado que desexe integrarse no equipo, preferentemente un de cada ciclo. De entre os seus membros designarase un coordinador/a que será nomeado pola directora a proposta do Xefe de Estudos, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica, preferentemente entre os mestres/as con destino definitivo no centro.

A biblioteca escolar é un recurso educativo imprescindible para a consecución dos obxectivos educativos en todas as áreas.

No CEIP Plurilingüe de Sigüeiro formamos parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares dende a súa primeira convocatoria.

Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares

Teñen carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na PXA, se realizan fóra do horario lectivo. A participación nelas será voluntaria.

O equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares encárgase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades. Está integrado polo seu xefe/a e polo profesorado que desexe integrarse no equipo, preferentemente un de cada ciclo.

Equipo de dinamización das tecnoloxías da información e comunicación

Na lexislación actual contéplase que as Tecnoloxías da Información e da Comunicación deben estar presentes en todas as materias; unha das competencias clave recollida no currículo é a Competencia Dixital. O equipo TIC dinamiza as novas tecnoloxías e estará formado por un coordinador/a designado pola dirección do centro e polo profesorado que desexe integrarse no equipo preferentemente un de cada ciclo.

No centro contamos co Plan Dixital para dinamizar e favorecer o uso dos medios dixitais.

Órganos de representación

Asociación de pais e nais

As asociacións que constitúan os pais, nais e titores nos centros docentes, terán, a efectos legais, o carácter de asociacións de pais de alumnos cunhas finalidades e estatutos específicos.

Contamos no centro cunha asociación de nais e pais, ANPA “A Nosa Escola”, coa que estamos en estreito contacto e que organiza actividades extraescolares no colexio despois do horario lectivo. Ademais promove actividades e está sempre disposta a axudar e participar das nosas iniciativas. Xa é tradicional a súa participación en diversas conmemoracións como o Nadal.

5.2 OUTROS ASPECTOS ORGANIZATIVOS

Calendario e horario

O calendario escolar será fixado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria correspondéndolle ó Xefe/a Territorial a súa aplicación. Este calendario figurará na Programación Xeral Anual, estará exposto no taboleiro de anuncios do Centro e será de obrigado cumprimento. Calquera modificación que se

pretenda introducir deberá ser aprobada polo Consello Escolar, logo do informe favorable do Claustro, e solicitarase con 15 días de antelación ao Xefe Territorial, quen resolverá o que proceda.

O horario xeral do Centro é de 9:45 a 14:45 horas.

O horario de comedor é de 14:45 a 15:45, os mércores de 14:45 a 16:30

O horario de biblioteca: de luns a xoves, de 16:00 a 18:00

O horario do profesorado establecerase na Programación Xeral Anual ao principio de cada curso.

Entradas e saídas, recreos

O profesorado de garda do alumnado transportado estará no centro ás 9:30 horas para a atención do mesmo. Ás 9:35 abrírase o portal de entrada e os alumnos/as accederán ao recinto. En cada porta dos edificios de infantil e primaria haberá como mínimo 2 profesores/as, seguindo as quendas establecidas, que atenderán ao alumnado. A organización das entradas figurará na PXA de cada curso, atendendo ás particularidades do mesmo.

Durante o horario lectivo, incluído o recreo, cada grupo de alumnos/as estará en todo momento baixo o coidado e vixilancia directa do profesor/a correspondente, segundo a distribución de gardas que figurará na PXA.

Á saída, todos os profesores/as que estean impartindo clase, vixiarán que esta se realice dun xeito ordenado e acompañarán aos alumnos/as dos niveis máis baixos ata as portas principais de saída. O persoal colaborador de comedor irá buscar ás aulas ao alumnado de comedor de Infantil, 1º e 2º de Primaria.

O alumnado será recollido nas instalacións do centro educativo polas persoas identificadas como responsables ou autorizadas no horario fixado.

O acceso dos pais/nais ás zonas pedagóxicas en horario escolar queda supeditado á autorización puntual da Dirección ou Xefatura de Estudos.

Na PXA estableceranse, cada curso, as quendas de vixilancia dos recreos. Haberá, como mínimo, un profesor/a por cada 25 alumnos/as en E. Infantil e un por cada 50 alumnos ou fracción en E. Primaria.

Titoría e Orientación

Cada grupo de alumnas e alumnos contará cunha persoa titora que se responsabilizará da atención e do seguimento personalizado do alumnado do grupo, así como da orientación da aprendizaxe e do apoio no seu proceso educativo.

Así mesmo, facilitará a participación das nais, dos pais e das persoas titoras legais do alumnado nos termos establecidos na normativa correspondente.

Con carácter xeral, manterase a mesma persoa titora para cada grupo de alumnado ao longo de cada un dos ciclos.

A xefatura do departamento de orientación apoiará e colaborará coas persoas titoras nos termos establecidos no plan de acción titorial.

As función dos tutores/as así como os criterios para facer os agrupamentos do alumnado especifícanse no NOFC.

Ensinanza de relixión

No noso centro impártese o ensino de relixión e moral católica a aquel alumnado que as súas familias así o solicitan.

As outras confesións relixiosas impartiríanse na medida da demanda e sempre que os responsables das mesmas facilitasen profesorado para tal fin.

A avaliación da ensinanza da Relixión Católica realizarase nos mesmos termos e cos mesmos efectos cá das outras áreas da educación primaria.

Medidas de atención ao alumnado que non optan polo ensino de relixión

O alumnado para o que as súas familias non solicitan ensinanzas de relixión reciben atención educativa, que non comporta a aprendizaxe de contidos curriculares.

En Infantil tal e como se recolle na orde do 30 de maio de 2023, pola que se desenvolve o decreto 150/2022 de ordenación do currículo de educación infantil estableceranse as medidas organizativas necesarias para a atención do alumnado que non opte polas ensinanzas relixiosas.

En Primaria esta atención planificarase e programarase a través da área de Proxecto Competencial, cuxo currículo se recolle no anexo II do decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria, que se dirixe ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e que poderá configurarse a modo de traballo monográfico ou proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade. En todo caso, as actividades propostas nesta área irán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os diferentes saberes.

As actividades a que se refire este punto en ningún caso comportarán a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a ningunha área da etapa.

A atribución docente do Proxecto Competencial correspóndelle ao profesorado de calquera das especialidades do corpo de mestres.

A avaliación do Proxecto Competencial realizarase nos mesmos termos e cos mesmos efectos ca a das outras áreas da educación primaria.

Os proxectos que levamos a cabo no noso centro están relacionados preferentemente con:

- Horta escolar “Hortocol”: coidado da mesma, plantado de sementes, plantas, recollida...
- Voz Natura: actividades ambientais, reciclaxe, coidado do entorno...
- Biblioteca: coidado e organización dos materiais e fondos...
- Dinamización da Lingua: estudo e investigación sobre diferentes aspectos da nosa historia, exposicións ...
- Celebracións e conmemoracións que se levan a cabo no colexio ou outras: investigación, exposicións...

6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para a atención á diversidade do alumnado de educación primaria atenderase ao disposto no Decreto 229/2011 así como á normativa que o desenvolve.

É necesario poñer especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión, asegurar o dereito a unha educación de calidade e evitar a permanencia nun mesmo curso. Os mecanismos de apoio e reforzo serán tanto organizativos como curriculares e entre estes podemos considerar o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Debemos adoptar as medidas necesarias para responder ás necesidades educativas concretas de cada neno/a, tendo en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe.

Estas medidas estarán orientadas a permitir que todo o alumnado poida alcanzar os obxectivos e as competencias clave da etapa, así como o nivel de desempeño esperado ao finalizar a educación primaria, de acordo co perfil de saída.

En particular, favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación da lingua estranxeira, especialmente co alumnado que presente dificultades na súa comprensión e expresión.

Igualmente, estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades deste alumnado

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, poderá flexibilizarse conforme á normativa vixente, de forma que poida reducirse un curso a duración da etapa, cando se prevexa que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

A escolarización do alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo, a que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico. Cando presenten graves carencias nalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou desfasamento curricular, recibirán, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, unha atención específica que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización no grupo ordinario, co que compartirá o maior tempo posible do horario semanal.

Quen presente un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de dous ou máis cursos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. Para este alumnado adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfasamento e que lle permitan continuar con aproveitamento a súa aprendizaxe. No caso de superar ese desfasamento, incorporárase ao curso correspondente á súa idade.

O servizo de Orientación asesora á totalidade da comunidade educativa nos procesos de identificación das necesidades educativas do alumnado, na súa valoración, nas medidas educativas a adoptar e na súa avaliación. Cando na avaliación inicial se detecte que un alumno/a pode presentar algunha necesidade especial, o labor fundamental do orientador é realizar a avaliación psicopedagóxica. A avaliación psicopedagóxica é un proceso sistematizado de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, do seu contexto escolar, da contorna familiar e dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino e aprendizaxe. Terá por finalidade identificar as necesidades educativas que poida presentar o alumnado e poder fundamentar as correspondentes propostas e decisións.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento no que se articula a atención á diversidade. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que este centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado

7. AVALIACIÓN

A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. Na etapa de Infantil, a avaliación estará orientada a identificar as condicións iniciais individuais e o ritmo e características da evolución de cada neno/a, tomando como referencia os criterios establecidos en cada unha das áreas.

Cando o progreso dun alumno/a non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo en calquera momento do curso.

Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

Cada titor/a coordinará as sesións de avaliación do equipo de mestres que imparte clases ao seu grupo de alumnos, levantando a acta correspondente.

Os acordos dos equipos de avaliación serán tomados de maneira colexiada.

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto de Primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática . O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes. A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídos o pais, as nais ou as persoas titoras legais, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

O alumnado ten dereito a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade.

Os proxenitores ou persoa que desempeñe a representación legal poderán solicitar ao profesorado as aclaracións que consideren precisas acerca das cualificacións ou decisións que se adopten. No caso de que persista o desacordo, a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado poderán solicitar por escrito á dirección do centro a revisión da devandita cualificación ou decisión.

No cuarto curso de educación primaria, realizarase unha avaliación de diagnóstico das competencias clave adquiridas polo alumnado. Esta avaliación terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros docentes, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias.

Na Concreción Curricular do centro e nas Programacións Didácticas de cada materia establécense os Criterios de Avaliación e Promoción. O centro fará públicos ambos documentos.

Antes de rematar este apartado debemos mencionar que non só temos que avaliar ao alumnado senón tamén a nosa acción como docentes, o noso labor diario, o noso proceso e plantexamento. A avaliación da práctica docente para a mellora neste ámbito require dunha análise en canto á metodoloxía, recursos, posta en práctica de accións, organización... para o cal se establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

8. COORDINACIÓN ENTRE ETAPAS

Para garantir a continuidade do proceso de formación e unha transición e evolución positivas de todo o alumnado, ao finalizar a etapa de educación primaria, o titor/a emitirá un informe final de etapa sobre a evolución e o grao de desenvolvemento das competencias clave do alumno/a.

O Departamento de Orientación organiza cada final de curso unha reunión entre o profesorado de 6º nivel e o de 1º de ESO para intercambiar información a cerca do alumnado que remata a Primaria, así mesmo, ao principio de cada curso organízanse reunións entre o profesorado de Infantil e o de 1º de Primaria e tamén entre o de 1º e 2º ciclo, e 2º e 3º ciclo de Primaria. Por outra banda tamén se leva a cabo unha xornada de convivencia, no terceiro trimestre, co alumnado de 2º do CRA que ven no seguinte curso para o colexio.

9. CONCRECIÓN CURRICULAR

A Concreción Curricular é o marco que establece o Claustro de profesorado, cos criterios e as decisións, para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica, para garantir a coherencia na actuación docente.

No documento de Concreción Curricular do CEIP Plurilingüe de Sigüeiro abórdanse os seguintes puntos:

1. Introducción
2. Adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro
3. A contribución á adquisición das competencias
4. Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar elementos transversais
5. Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía
6. Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos
7. Os criterios para o deseño das actividades complementarias
8. Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias pendentes de cursos anteriores
9. Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso
10. Os criterios xerais para a avaliación e a promoción
11. Os criterios xerais do outorgamento de mencións honoríficas
12. As decisións e os criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas
13. Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas
14. Procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

10. PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

O CEIP Plurilingüe de Sigüeiro desenvolve o currículo das ensinanzas de Educación Infantil e Primaria mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das áreas ou ámbitos seguindo as decisións e os criterios xerais establecidos na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

As programacións didácticas elaboradas a través da aplicación PROENS inclúen os seguintes elementos:

1. Introducción
2. Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave
3. Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporización
4. Metodoloxía
 - Concrecións metodolóxicas
 - Materiais e recursos didácticos
5. Avaliación
 - Procedemento para a avaliación inicial
 - Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área e criterios de recuperación
6. Medidas de atención á diversidade
 - Concreción dos elementos transversais
 - Actividades complementarias
7. Transversal
8. Práctica docente
 - Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
 - Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación

11. DOCUMENTOS, PLANS E PROXECTOS DO CENTRO (ANEXOS)

Concreción Curricular	
Programacións Didácticas	
Normas de organización, funcionamento e convivencia (NOFC)	
Programación Xeral Anual	
Memoria Anual	
Plan de Convivencia	Plan de Biblioteca - Plan de mellora de bibliotecas escolares
Plan de Igualdade	Plan de actividades físicas e hábitos saudables
Plan Estratéxico de Mellora	Plan de Atención á Diversidade
Plan Dixital	Plan de Orientación e de Ación Titorial
Plan Lector	Proxecto lingüístico

12. AVALIACIÓN DO PE

Cada inicio de curso concretaranse as accións a levar a cabo na Programación Xeral Anual e farase un balance indicando aqueles propósitos que non se lograron na Memoria de fin de curso. Eses documentos, revisados polo Claustro de profesorado e Consello Escolar son a ponte entre o Proxecto Educativo e a comunidade educativa. A PXA e a Memoria son a plasmación do noso proxecto educativo na realidade de cada curso no centro. Son un bo indicador de cómo se está a desenvolver.

Para manter o PE actualizado e introducir melloras, cada curso, durante o 3º trimestre, farase unha análise do mesmo, primeiro nas reunións de ciclo e posteriormente na CCP.

Para esta análise seguiranse os indicadores establecidos que figuran na seguinte táboa:

Inventario de Indicadores para a valoración do Proxecto Educativo do Centro

1. Reflicte claramente a identidade do centro

2. Responde ás necesidades do entorno e do alumnado
3. Responde ás intencións educativas actuais
4. É suficientemente coñecido pola comunidade educativa
5. Compártense as finalidades
6. Está organizada a revisión do PE
7. O documento do PE respecta a estrutura proposta pola normativa
8. Os obxectivos que se desenvolven estanse levando á práctica
9. Compártese a organización e funcionamento do centro reflectido no PE
10. Coñécese e compártese o establecido no NOFC
11. O Proxecto Curricular está actualizado e difundido suficientemente
12. O Proxecto Curricular serve de referente ás Programacións

Este Proxecto Educativo do Centro foi presentado ao Claustro na sesión celebrada o día

Este proxecto educativo de centro foi presentado ao Consello Escolar, obtendo o Vº e Prace unánime do mesmo, na sesión do día